



NOVO DECRETO DE GALEGO

O decreto de galego do PP, ou decreto contrario á normalización do galego, recorta os dereitos das persoas galegofalantes e afondará no fracaso escolar.

Desde o STEG, de ir adiante, entenderemos a desobediencia civil do profesorado que decida empregar a lingua galega

Esta norma parte dun absoluto descoñecemento da realidade dos centros educativos nos que se constata unha dramática caída da presenza do galego, ademais da imposibilidade de impartir, na maioría deles, as áreas en outras linguas. Debendo ser un decreto que protexa a lingua minorizada, a única que corre perigo de extinción, ao non facelo, estalle a dar o golpe máis duro á lingua desde o franquismo.

A esperpéntica proposta da Xunta de Galiza, con absoluta seguridade, fomentará a conflitividade nos centros ao prohibir o labor de normalización lingüística do profesorado. Ao ser o tema lingüístico un aspecto sensíbel, o feito de introducir ás familias na imposición da lingua ao profesorado, por inhibirse a Consellaría de realizar o que é o seu traballo e deber, irá en detrimento da convivencia nos centros. Diminuirá a capacitación do noso alumnado en ciencias, linguas, arte, filosofía, matemáticas, física...ao introducir a dificultade da lingua estranxeira no currículo. Moitas nais e pais son conscientes das dificultades que moitas materias entrañan polo que engadir a dificultade da lingua estranxeira sabemos en que situación porá ao noso alumnado, en especial ao que precisa máis apoio. Polo tanto a conclusión é clara: estamos ante unha norma contraria á normalización do idioma galego, que afondará no fracaso escolar, e que violentará a boa convivencia existente ata hoxe nos centros educativos de Galiza

Para o STEG a norma vulnera o dereito do profesorado ao uso do galego no seu

traballo ademais de poñer atrancos para que a sociedade civil, neste caso o profesorado, de forma desinteresada colabore nun ben común como é a transmisión e normalización do idioma ás novas xeracións.

Neste sentido desde o STEG xa prevemos un escenario de desobediencia civil xa que a defensa da lingua galega tórnase agora nunha cuestión de conciencia amparada por normativa internacional e mesmo pola Constitución española e o estatuto galego. O obxectivo do profesorado que tome esta decisión será remediar á desprotección na que deixa a lingua. O incumprimento será a nova norma do galego xa que é o único camiño que nos deixa este goberno lingüicida. Desde o STEG poremos a nosa asesoría xurídica para defender a todo o profesorado comprometido coa normalización do idioma e por ende co obxectivo de facer do noso alumnado cidadáns cultos pola adquisición da riqueza lingüística que ninguén lle pode furtar.

Moi ao noso pesar, na medida en que non nos gusta xudicializar a política, a nosa asesoría xurídica está a estudar a posibilidade dun recurso baseado na idea de que o non recoñecemento da situación de desigualdade incumpre a obriga de protección e promoción estatutaria. Non recoñecer a desigualdade do galego ante as outras linguas e tratalas como se partiran da mesma posición, coloca ao goberno da Xunta no primeiro en desprotexer a lingua galega e polo tanto no primeiro en ir contra a nosa lingua.

Secretariado Nacional do STEG
xaneiro 2010